

CONTIDOS MÍNIMOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE LATÍN

1º BACHARELATO

1. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS

1. Identificar e analizar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular (nominal e verbal) e da sintaxe da frase (casos, oracións simples e compostas, xuxtapostas e coordinadas) e apreciar variantes e coincidencias noutras linguas coñecidas polo alumnado.

2. Comparar textos latinos sinxelos coa súa tradución, identificando as estruturas gramaticais da lingua latina e analizando a súa semellanza coas estruturas do galego e das linguas faladas polo alumno.

3. Traducir coa maior fidelidade posible oracións e textos breves e adecuados ao nivel, orixinais, adaptados ou elaborados.

4. Producir textos breves escritos en latín mediante retroversión utilizando as estruturas propias da lingua latina.

5. Resumir oralmente ou por escrito o contido de textos latinos traducidos de diversos xéneros, delimitando os seus partes, e distinguir aspectos históricos ou culturais que se desprendan deles.

6. Recoñecer no léxico das linguas faladas no estado español, sobre todo no galego, palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.

7. Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.

8. Realizar, seguindo as pautas do profesor, algún traballo de investigación sobre a pegada da Romanización e a pervivencia do mundo romano na contorna próxima ao alumno, recorrendo á indagación directa (restos arqueolóxicos, textos antigos...) e á consulta de información complementaria, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados do estudo.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Ademais da cualificación obtida polos traballos que se realicen ao longo da avaliación e cuxa media contará como unha cualificación de unidade, ao final de cada unidade didáctica poderán realizarse unha proba escrita co fin de analizar a consecución dos obxectivos propostos. Estas probas, como é lóxico, deberán ter en conta os obxectivos e contidos comentados ao comezo de cada tema aos alumnos, e serán representativas do catro apartados que se traballan: Legado, Léxico, Lingua e Textos.
- Así mesmo, os alumnos realizarán un traballo de comentario dun texto literario latino por cada unha das avaliacións.
- Respecto das cualificacións debemos precisar:
- As cualificacións que se reflectan nas avaliacións outorgaranse con números enteiros. Cando a media obtida conteña decimais, consideraranse até as centésimas, de tal modo que se redondearán á baixa as cualificacións con decimais inferiores a 45 centésimas e á alza as restantes. Así, p. ex., unha cualificación de 6,38 redondearase a 6, unha de 6,52 a 7, unha de 6,44 a 6 e unha de 6,45 a 7.
- Á hora de avaliar ao alumno terase en conta o último control realizado. A nota dos controis anteriores e as notas obtidas polo traballo realizado en clase matizarán a nota de avaliación.
- A nota final que cada alumno obteña será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.
- Caso de ser negativa esa nota final realizarase unha proba global obrigatoria antes da avaliación final, co fin de ofrecer unha posibilidade de recuperar a materia. Dita proba versará sobre todos os aspectos da materia explicados até o momento. Se o alumno non alcanza nesta proba a cualificación mínima de 4,45 cualificaráselle negativamente coa cualificación final obtida no curso. Caso de superar a dicir proba (4,45 ou máis), a cualificación final será a media resultante da cualificación obtida na proba e 5.
- A esta proba final poderán presentarse voluntariamente a subir nota alumnos con avaliación positiva. Caso de que a nota obtida nesta proba fose inferior á media positiva xa alcanzada, non se terá en consideración a cualificación obtida na proba global; no caso de obter unha cualificación superior, a

cualificación final será a media resultante da cualificación positiva xa obtida no curso e a cualificación obtida na proba.

- Débese ter en conta que a avaliación é continua e as avaliacións pendentes recuperaranse aprobando a seguinte.